

## Concello de Covelo

---

### DECRETO DA ALCALDIA

Por Decreto da Alcaldía de data 25 de outubro de 2017, foron aprobadas a Oferta e as Bases para a contratación de 5 PEÓNS para a realización do servizo denominado **“LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS”**, de acordo co establecido no artigo 16º da Orde do 29 de agosto de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL rural) e se procede á súa cobertura para o exercicio do ano 2017 e, segundo a autorización de data 23 de outubro de 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que autorizaba ó Concello de Covelo a contratación anticipada.

Sen embargo, con data 22 de novembro de 2017, recíbese Resolución do Servizo de Emprego e Economía Social da referida consellería, pola que comunican que o número definitivo de traballadores a contratar redúcese dos 5 inicialmente previstos a **2 traballadores (Peóns)**.

En consecuencia, e por razóns de forza maior (reducción do financiamento), en uso das facultades que me confire a lexislación vixente RESOLVO: MODIFICAR A OFERTA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO **“LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS”**, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 16º DA ORDE DO 29 DE AGOSTO DE 2017, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL), NO SENTIDO DE QUE, **EN LUGAR DE OFERTARSE CINCO PRAZAS, SE REDUCE A OFERTA A DÚAS PRAZAS.**

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE  
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo  
(Documento asinado electrónicamente)

A SECRETARIA  
Asdo. Mª Jesús Rodríguez Freire